



IMPORTANTE

ALUMNADO DE ESO

CURSO ACADÉMICO 2019-2020

SOLICITUDES:

- **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO.**
- **AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR**
- **(Orde do 03 de maio de 2019 (DOG do 20 de maio de 2019))**

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor/a legal do alumnado matriculado ou pendente de matricular en 1º, 2º, 3º ou 4º Curso de ESO. (**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO**) E (**MATERIAL ESCOLAR**)

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000€. (Para os efectos desta orde a renda per cápita da unidade familiar é a do exercicio fiscal 2017) .

Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.

No caso de non presentarse declaración da renda, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

Enténdese por renda per cápita familiar (suma das casillas 415 e 435) da declaración da renda de cada un dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza, dividido polo número de membros da unidade familiar.

"Enténdese por unidade familiar a situación familiar a data 31 de decembro de 2017". Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.



- *Os pais separados legalmente, e se for o caso, titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.*
- *Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*
- *Os fillos e fillas menores solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.*
- *Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos anteriores.*
- *No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.*
- *No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.*

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

"UNICO"

***DENDE O DÍA 21 DE MAIO ATÉ
O DÍA 21 DE XUÑO (ambos os
dous incluídos)***



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Solicitud (única para todas as solicitudes e para todos os alumnos dunha mesma familia matriculados na ESO)
- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar (de non ter libro de familia ou a situación familiar a día 31 de decembro de 2017 non coincide coa reflectida no libro de familia, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos sociais ou órganos equivalentes do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
- No caso de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.